

## ASPECTOS BÁSICOS DAS ARTES ESCÉNICAS

### Exercicios autoavaliáveis

---

1. Cales son os elementos imprescindibles para ter un acto escénico?
2. As artes escénicas son un tipo de encontro artístico que...?
3. Qué tipo de construción favorecen as artes escénicas?
4. Cales son os elementos que constrúen a natureza das artes escénicas?
5. Indica segundo a definición a qué elemento do proceso comunicativo nos estamos a referir?
  - a. Aquela persoa ou obxecto que dende o escenario ou calquera outro lugar de representación transmite unha idea empregando todos os recursos dispoñibles posibles: voz, corpo, xestualidade...
  - b. É o propio espazo da representación, sexa un teatro, un circo, a rúa, unha igrexa, un café-teatro, etc.
  - c. Son os trazos específicos da comunicación escénicas. Dependén de cada estilo e xénero.
  - d. Aquela persoa ou grupo de persoas que, dentro dunha representación, recibe e descodifica a mensaxe.
  - e. É aquilo que se comunica dende o escenario.

## Solucións

---

1. Cales son os elementos imprescindibles para ter un acto escénico?

*Un/unha intérprete e un/unha espectadora.*

2. As artes escénicas son un tipo de encontro artístico que...?

*Se desenvolven nun espazo común que se converte no lugar da representación no mesmo presente entre espectadoras/es e intérpretes cun carácter efémero.*

3. Qué tipo de construción favorecen as artes escénicas?

*A construción social, a reflexiva, a cultural e a individual.*

4. Cales son os elementos que constrúen a natureza das artes escénicas?

*A dramaticidade, a teatralidade, a arte colectiva, o efémero, a convencionalidade e a “mentira” compartida.*

5. Indica, segundo a definición, a qué elemento do proceso comunicativo nos estamos a referir?

- a. *Intérprete.*
- b. *Canle.*
- c. *Código.*
- d. *A/o personaxe.*
- e. *Texto.*